

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono : 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

CONVOCATORIA

Visto que mediante Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declárase o estado de alarma durante quince días naturais para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, prorrogado mediante sucesivos Reais Decretos, senda o último o RD 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma ata as 00:00 horas do día 7 de xuño de 2020,


Visto o novo apartado 3 engadido ó artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pala Disposición final segunda do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ó COVID-19, publicado no BOE nº 91 de 1 de abril de 2020, e que entra en vigor ó día seguinte ao da súa publicación, que dí:

«3. En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colegiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo Alcalde ou Presidente ou quen validamente /les substitúa para o efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso. Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten».

Visto canto antecede, e considerando a necesidade de proceder á aprobación do Presuposto municipal para o exercicio 2020 para garantir o normal funcionamento dos servizos públicos municipais, no uso das facultades que me están conferidas ao abeiro do establecido no artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, RESOLVO:

Primeiro.- CONVOCAR sesión extraordinaria que realizará O CONCELLO PLENO o vindeiro 4 de xuño de 2020, ás 20:00 horas, por medios telemáticos (videoconferencia) ante a situación de estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, sucesivamente prorrogado. De non poderse levar a cabo a sesión en primeira convocatoria, de conformidade co establecido na normativa vixente terá lugar en segunda convocatoria corenta e oito horas despois.

Non obstante, aqueles concelleiros que non dispoñan ou non poidan realizar a videoconferencia, poderán asistir de maneira presencial acudindo ao salón de Plenos, debendo comunicar dita circunstancia a esta Alcaldía coa finalidade de garantir o desenvolvemento da sesión observando en todo momento as pertinentes medidas de seguridade e sanitarias.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono : 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Segundo.- Que pola Secretaria se cite a todos os concelleiros para a devandita sesión manifestándolles que a partir desta data teñen o seu dispar na Secretaría municipal os antecedentes e expedientes relacionados cos asuntos que figuran na Orde do Día inserido a continuación <este Decreto. Non obstante, ante a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, remitiráselles a todos os concelleiros, mediante correo electrónico, a documentación relacionada cos asuntos que figuran na orde do día.

Terceiro.-Incluír na Orde do Día da devandita sesión os seguintes asuntos:

ORDE DO DÍA

- 1.- APROBACIÓN INICIAL DO PRESUPOSTO PARA O EXERCICIO 2020
- 2.- APROBACIÓN INICIAL DO CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2020
- 3.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. REX 2-2020
- 4.- RATIFICACIÓN PLENARIA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 163/2020 DE DATA 26.03.2020 - SUBSANACIÓN DUN ERRO DE TRANSCRICIÓN NO ACORDO PLENARIO DE SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO POS+2020
- 5.- RATIFICACIÓN PLENARIA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 164/2020 DE DATA 26.03.2020 - APROBACIÓN DO PROXECTO CORRIXIDO DE "REHABILITACIÓN ESTRUCTURAL E DO PAVIMENTO DO ANEL VERMELLO DA PRAZA ROXA". POS+2020
- 6.- RATIFICACIÓN PLENARIA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 185/2020 DE DATA 14.04.2020 - APROBACIÓN DO PROXECTO ACTUALIZADO DE "CONSOLIDACIÓN E REPARACIÓN DE CUBERTA NOS ESCOLARES DE SAA E SISALDE MAIOR". POS+2020
- 7.- RATIFICACION PLENARIA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 193/2020 DE DATA 21.04.2020 - APROBACIÓN PROXECTO REFUNDIDO DE "SUBMINISTRO DE LÁMPARAS LED NO LUGAR DE FRAGOSO, VECIÑEIRA, SAN MIGUEL E OUTROS". POS+2020
- 8.- RATIFICACIÓN PLENARIA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 204/2020 DE DATA 27.04.2020 - APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO CORRIXIDO DE "REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE PÉRGOLA EN PRAZA GALICIA". POS+2020
- 9.- RATIFICACIÓN PLENARIA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 205/2020 DE DATA 27.04.2020 - APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO -SEGUNDA ACTUALIZACIÓN- DE "CONSOLIDACIÓN E REPARACIÓN DE CUBERTAS NOS ESCOLARES DE SAA E SISALDE MAIOR." POS+2020
- 10.- RATIFICACION PLENARIA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 214/2020 DE DATA 30.04.2020 - REFORMULACIÓN DA SOLICITUDE DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. POS+2020
- 11.- RATIFICACIÓN PLENARIA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDIA NÚM. 250/2020 DE DATA 20.05.2020 - APROBACIÓN DO PROXECTO CORRIXIDO DE "CONSERVACIÓN DE FIRME NA AVDA. DE ESPAÑA E CAMIÑO PITILLEIRA". POS+2020
- 12.- RATIFICACIÓN PLENARIA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDIA NÚM. 265/2020 DE DATA 27.05.2020 - RENUNCIA Á SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA O ANO 2020